

ACTIVIDADES



acción
dVerán'14
Dos 18 aos 30anos

XUNTA DE GALICIA

EDITA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado

DESEÑO E MAQUETACIÓN
MaizCreativos

ACTIVIDADES



acción
dVerán'14

Dos 18 aos 30anos

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

2014

INTRODUCCIÓN

A campaña de verán que a Consellería de Traballo e Benestar pon en marcha para o ano 2014, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, inclúe oportunidades de participación para todos aqueles mozos e mozas que tedes entre 18 e 30 anos.

Podedes elixir entre os diferentes programas e actividades de lecer e tempo libre que figuran neste folleto informativo ou ben consultar na páxina web www.xuventude.net.

O prezo das actividades inclúe a estancia, a manutención e, de ser o caso, clases teóricas ou prácticas durante o período de duración do programa. Porén, non inclúe o desprazamento ata a instalación correspondente, que correrá pola vosa conta.

As persoas que posuades o **Carné Xove** teredes un **desconto do 25%** sobre os prezos establecidos neste folleto.

As persoas que posuades o título de **familia numerosa** teredes un **desconto do 25%** sobre os prezos establecidos neste folleto.

Ambos os descontos non son acumulables.

4

RESERVA DE PRAZAS

A reserva podédelas facer por teléfono, **a partir do 27 de marzo**, nos servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar de Lugo e Ourense.

Unha vez que fagades a reserva da praza, teredes **un prazo de 48 horas**, que contará dende o día seguinte a aquel no que fixerades a reserva, para:

- Facer efectiva a cota de participación, segundo as instrucións que se comunicarán no momento de facer a reserva da praza.
- Presentar no servizo de Xuventude e Voluntariado correspondente, ou por correo electrónico ou no fax específico de cada actividade, a seguinte documentación:
 - Xustificante do pagamento da cota.
 - Fotocopia do DNI por ambas as dúas caras (unicamente se non autorizas esta consellería, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, a consultar os teus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos).
 - Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.
 - Xustificante da condición de familia numerosa.
 - Ficha informativa cuberta.

De non presentardes a documentación no **prazo de 48 horas** perderedes o dereito á praza.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Só se devolverá a cota de participación no caso de que se suspenda a actividade.



INDICE

CONECTA CON GALICIA 6

TRAVESÍA NÁUTICA XACOBEA 7

CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos/as e da Galicia exterior, coa finalidade de lles dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que eles/as sexan os protagonistas.

ACTIVIDADES DA 1.ª QUENDA

Cultura e camiño. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés), ata Compostela.

O mar de Galicia. Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

Aloxamento:

Días 1.º ao 6.º: Residencia Xuvenil LUG II (Lugo)

Días 7.º ao 12.º: Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

CÓDIGO	QUENDA	COTA
271001	1-12 xullo	120 €

TELÉFONO: 982 294 251 / 982 294 923

FAX: 982 294 339

CORREO: xuventudelugo@xunta.es



ACTIVIDADES DA 2.ª QUENDA

Cultura e camiño. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense. Percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata ou Sanabrés) ata Compostela.

O mar de Galicia. Coñecemento do medio mariño a través das actividades relacionadas co mar.

Aloxamento:

Días 1.º ao 6.º:

Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)

Días 7.º ao 12.º:

Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)

CÓDIGO	QUENDA	COTA
321001	15-26 xullo	120 €

TELÉFONO: 988 386 120 / 988 386 116

FAX: 988 386 119

CORREO: servicio.xuventude.ourense@xunta.es

TRAVESÍA NÁUTICA XACOBEA

Esta travesía rememora a peregrinación de San Francisco de Asís e a Traslato do apóstolo a Santiago de Compostela por mar e, posteriormente, ata Santiago de Compostela por terra.

O obxectivo do programa será unir distintas vilas e portos coa tradición Xacobeá, mediante o desenvolvemento e a educación de todas aquelas persoas con ganas de coñecer e achegarse ao mar.

Dentro das actividades que se van desenvolver durante a travesía, participárase en distintos labores integrándose na tripulación, con monitores e mariños expertos que ensinarán procedementos e as distintas tarefas que se levan a cabo nunha embarcación de vela de grande eslora: faladoiros sobre temas de actualidade e marítimos, aparellos, seguridade marítima, meteoroloxía, node-ría, navegación nocturna, manobra, cociña etc.

Percorrido:

Saída do porto de Ribadeo baixando ata as Rías Baixas, pasando por Ortigueira, Ares, Camariñas, Portosín e Cabo de Cruz.

Recolleranse os/as tripulantes en catamarán e realizarán a suba do río Ulla ata Padrón para realizar o último tramo da peregrinación ata Santiago de Compostela, onde se celebrará unha misa do peregrino.

Entregarase un pasaporte Náutico para selar nos distintos portos e dúas certificacións da Peregrinación: a Compostela (outorgada pola catedral de Santiago) e a Cotalaya (outorgada pola Orde Franciscana), a aquelas persoas que realizasen un mínimo de 90 millas náuticas e rematen a travesía.



Aloxamento:

Goleta Nieves

Non inclúe o traslado ata o porto de saída nin as comidas en terra.

Condicións de participación:

Os/As persoas participantes comprométese a respectar as normas e instrucións da organización no transcurso da travesía e poderán ser expulsados/as do programa no caso de incumprilas.

CÓDIGO	QUENDA	COTA
271002	6-10/12 xullo	125 €

TELÉFONO: 982 294 251 / 982 294 923

FAX: 982 294 339

CORREO: xuventudelugo@xunta.es

galicia



LUGO

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rolda da Muralla, 70

27002 Lugo

Tel.: 982 294 251 / 982 294 923

Fax: 982 294 339

OURENSE

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Avda. da Habana 81, baixo

32004 Ourense

Tel.: 988 386 120 / 988 386 113

Fax: 988 386 119



XUNTA
DE GALICIA